

# Progresión en espiral

## Intensidade e perfeccionamento

LAURA CAVEIRO

Dende a portada de *Os fíos*, un espantallo avísanos do engano das apariencias. Pois ben; ao concluírmos a lectura da última novela de Xurxo Sierra Veloso (Caracas, 1969), galardoada co premio Repsol de Narrativa 2010, teremos a sensación de ter lido unha obra que o ten todo para conformar un éxito de público e vendas: intelixente humor negro, sobriedade estilística, estrutura de crebacabezas, amor, sexo, violencia... e aínda extensión precisa para resultar breve e intensa.

Quen non foi algunha ocasión a un hoteliño rural? Antón Queguas chega a un calquera deles nunha soleada tarde de outono. Unha

tríngula ben dosificada torcerá de vez os fíos da súa vida. Misterio difícil ou imposible de resolver, mesmo para os que, como el e o seu avogado, teñan que procurar na rede información sobre a vida media dun espermatozoide. O ritmo trepidante e cinematográfico, con áxiles saltos no tempo, a cirurxia das relacións de parella e das súas crises, lévannos ata a protagonista da segunda parte: Lidia. Dende Anna Karenina

non foron tantas as protagonistas femininas que souberon o que querían e loitaron para conseguilo. Cada unha a súa maneira: o xeito de conducirse de Lidia non é menos decidido nin menos fatal. A terceira parte será a vez de Chano Bendaña, honesto xoieiro, incomprendido artista do coiro, sempre consciente do absurdo da vida que o empurra cara a abaixo.

Hai neste texto moito de perfeccionamento dun xeito de narrar. Todas as marcas do estilo do autor (a súa habelancia técnica, a ironía, o dominio dos matices psicológicos dos personaxes) veñen enriquecer estas páxinas con máis talento que nunca conformando a progresión en espiral dunha traxectoria literaria importante.

*SIERRA VELOSO, Xurxo, Os fíos, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP 16 €*

